

## Amizade Cerveira-Tomiño Cooperación Transfronteiriza

### Normas do Orzamento Participativo Transfronteirizo Eurocidade Cerveira – Tomiño 2023

#### PREÁMBULO

O Orzamento Participativo Transfronteirizo 2023 (OPT\_23) pretende dar continuidade ás catro edicións celebradas desde 2016 que conseguiron implicar a máis de 50 asociacións dos dous municipios, traballando conxuntamente na preparación de 25 proxectos, no marco da Axenda de Cooperación financiada con fondos FEDER da Unión Europea [INTERREG 2014-2020](#).

Este instrumento de participación pública na gobernanza transfronteiriza revelouose como unha ferramenta imprescindible para promover a transformación das relacións entre sociedade e institucións e, no noso caso, como a mellor opción para facilitar a relación e a iniciativa conxunta entre os habitantes dos nosos concellos.

Por decisión dos votantes, a infancia e a mocidade tiveron un protagonismo destacado nos proxectos ata agora gañadores. Na perspectiva da preparación da Axenda 2030 da Eurocidade Cerveira-Tomiño, quérese reforzar este protagonismo orientando á xente nova a nova edición do OPT -a primeira depois da interferencia da pandemia da COVID 19-, buscando o incremento da participación e o poder de decisión dos cidadáns e cidadás do futuro.

Así entendido, o novo OPT poderá reforzar o noso compromiso co cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel (ODS) e cos desafíos ambientais, de integración social, mobilidade e conectividade priorizados a escala europea para 2021-2027.

De cara a garantir a transparencia e a accesibilidade, toda a información sobre o proceso está dispoñible na Plataforma Online do OPT\_23 (<http://participacerveiratomino.eu>).

#### Artigo 1º

##### Ámbito Territorial

O Orzamento Participativo Transfronteirizo Amizade Cerveira Tomiño 2023 (OPT\_23) abrangue os concellos de Vila Nova de Cerveira e de Tomiño.

#### Artigo 2º

##### Obxectivos

1. Implicar á mocidade na formulación de solucións comúns para a resolución de problemas e na contribución aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel (ODS) das Nacións Unidas;
2. Fomentar a igualdade de oportunidades entre a cidadanía dos dous concellos, como factor de mellora das condicións de vida e de cohesión social e económica, baseado en accións deseñadas, desenvolvidas e aplicadas pola mocidade.

3. Promover a participación pública e a cidadanía transfronteiriza;
4. Afondar e consolidar as relacións institucionais e o diálogo coa sociedade civil, e particularmente coa mocidade, con vistas a unha maior calidade e aceptación das políticas públicas;
5. Adecuar as políticas públicas municipais ás necesidades e expectativas da xente nova, para mellorar a calidade de vida nos seus territorios.

## Artigo 3º

### Modelo de Participación

O OPT\_23 aséntase nun modelo de participación de carácter deliberativo, segundo o cal a mocidade pode decidir os proxectos que considere máis prioritarios, até o límite orzamentario estipulado para o proceso.

## Artigo 4º

### Orzamento

1. Atribúeselle ao OPT\_23 un importe máximo de 20.000,00€ para financiar dous proxectos que as mozas e mozos elixiren.
2. O importe será dividido en partes iguais polo Municipio de Vila Nova de Cerveira e o Concello de Tomiño.

## Artigo 5º

### Fases do OPT

O Proceso Participativo ten varias fases, enumeradas e descritas nos artigos seguintes, nomeadamente:

- a) Presentación e divulgación;
- b) Difusión dos proxectos
- c) Votación;
- d) Presentación dos Resultados.

## Artigo 6.º

### Calendarización

	ABRIL	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
Fase preliminar. Proceso Axenda Mocidade 2030							
Presentación e divulgación							
Difusión dos proxectos						21/11 a 8/12 Presentación nos Centros educativos	
Votación							Tomiño 9/12 a 14/12 VNC 13/12
Reconto e Presentación de resultados							14/12

## Artigo 7º

### Divulgación

1. Realización de Workshops para promover e apoiar a divulgación dos proxectos.
2. A divulgación do OPT farase a través da [Plataforma Online](#), do Portal eurociudadecerveiratomiño.eu, das redes sociais e dos medios de comunicación locais;

3. Promoverase a divulgación das candidaturas nos centros educativos a través das Titorias (Tomiño) e do profesorado de Cidadania (Cerveira).

## Artigo 8º

### Propostas

Someteranse a votación catro proxectos, elaborados no ámbito do proceso de participación pública denominado “Axenda para a Mocidade Eurocidade Cerveira Tomiño”, que constan no anexo I do presente regulamento.

## Artigo 9º

### Analise Técnica

A Comisión Técnica (CT), será responsábel da supervisión do proceso participativo, e está constituída polas seguintes persoas nomeadas polo Consello de Xestión Estratéxica (CXE) da Eurocidade:

- a. Carla Segadães, Vereadora da juventude da Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira;
- b. Fátima Rodríguez, Concelleira de Eurocidade e Mocidade do Concello de Tomiño;
- c. Xabier Macias, técnico do Concello de Tomiño;
- d. Sónia Antunes, técnica do Município de Vila Nova de Cerveira.

## Artigo 10º

### Votación

1. Poden votar os mozos e mozas de entre 12 e 25 anos, tanto os residentes na Eurocidade Cerveira-Tomiño como os non residentes matriculados en centros de ensino de Vila Nova de Cerveira e Tomiño.

2. A votación das propostas efectuarase do seguinte xeito:

a) **Os mozos e mozas residentes entre 12 e 25 anos non matriculados** en centros educativos da Eurocidade votarán entre as 00:00h (hora galega) do venres 9 de decembro até as 23h59min (hora galega) do luns 12 de decembro a través da plataforma Online do OPT <https://participacerveiratomiño.eu>

Para votar será necesario xustificar a residencia na propia plataforma mediante algún documento acreditativo a nome do votante (DNI; recibo de suministro, auga, luz,...; certificado das Finanzas,... ou calquera outro no que figuren vencellados o nome e o enderezo).

b) **O alumnado dos centros educativos da Eurocidade** votará exclusivamente de forma presencial na urna colocada no seu propio centro:

- i. **IES Antón Alonso Ríos de Tomiño**, entre o 9 e o 14 de decembro no horario e lugar sinalados pola titoria de cada grupo. A identificación e rexistro de votantes será responsabilidade do titor ou titora, mediante os correspondentes listados de alumnos e alumnas.
- ii. **Escola Básica e Secundária de Vila Nova de Cerveira**, o día 13 de decembro, no horario e sala de aula correspondente a aula co respectivo profesor Director de Grupo. A identificación e rexistro de eleitores será responsabilidade do profesor Director de Grupo e/ou Delegado de Grupo, mediante correspondente lista de alumnos/as de cada grupo.

iii. **ETAP-Escola Profissional**, no día 13 de decembro, nas instalacións do polo de Vila Nova de Cerveira. A identificación e rexistro de eleitores será responsabilidade dos integrantes da mesa electoral designados.

## **Artigo 11º**

### **Presentación dos Resultados**

- 1) O reconto presencial dos votos efectuarase o 14 de decembro. Participarán como interventores/as representantes do alumnado. O resultado da votación online permanecerá nun sobre pechado ata a realización do escrutinio.
- 2) O resultado final das votacións farase público o 14 de decembro ás 13h (hora galega) e publicarase na Plataforma Online do OPT e na Páxina Web da Eurocidade Cerveira-Tomiño.
- 3) As dúas propostas máis votadas serán financiadas e executadas ao longo do ano 2023.

## **Artigo 12º**

### **Coordenación**

A coordinación e execución do OPT\_23 é responsabilidade dos municipios de Vila Nova de Cerveira e Tomiño.

## **Artigo 13º**

### **Casos Omisos**




As omisións ou dúbidas xurdidas na interpretación das presentes normas de participación serán resoltas puntualmente no ámbito do CXE.

**ANEXO I**

<b>ODS</b>	<b>11. Cidades e Comunidades sustentábeis</b> <b>4. Educación de calidade</b>	<b>11</b> CIUDADES Y COMUNIDADES SOSTENIBLES 	<b>4</b> EDUCACIÓN DE CALIDAD 
<b>Metas</b>	<p><b>11.4</b> Redobrar os esforzos para protexer e salvagardar o patrimonio cultural e natural do mundo</p> <p><b>11.7</b> De aquí a 2030, proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesíbeis, en particular para as mulleres, os nenos e as nenas, as persoas de idade e as persoas con discapacidade</p> <p><b>11.a</b> Apoiar os vínculos económicos, sociais e ambientais positivos entre as zonas urbanas, periurbanas e rurais fortalecendo a planificación do desenvolvemento nacional e rexional</p> <p><b>4.7</b> De aquí a 2030, asegurar que todo o alumnado adquira os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sostible, entre outras cousas, mediante a educación para o desenvolvemento sostible e os estilos de vida sostibles, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción dunha cultura de paz e non violencia, a cidadanía mundial e a valoración da diversidade cultural e a contribución da cultura ao desenvolvemento sostible.</p>		
<b>Denominación</b>	<b>MÚSICA NOVA</b>		
<b>Público-obxectivo</b>	Mozos e mozas da Eurocidade entre os 12 e os 25 anos		
<b>Descrición/ obxectivos do proxecto</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Promover a implicación da mocidade da Eurocidade en actividades musicais conxuntas, procurando a divulgación da tradición e a aprendizaxe de novos estilos musicais.</li> <li>- Educar en valores e habilidades sociais a través da música</li> <li>- Promocionar o espazo público para a divulgación e o intercambio cultural e xeracional.</li> </ul>		
<b>Accións</b>	<p>Workshops formativos en educación en valores a través da música</p> <p>Ensaos de grupos musicais improvisados</p> <p>Miniconcertos e actuacións de rúa</p>		
<b>Data</b>	Marzo a Outubro de 2023		

# Cerveira + Tomiño

E U R O C I D A D E

<b>ODS</b>	<p><b>13. Acción polo clima</b>  <b>15. Vida ecosistemas terrestres</b>  <b>6. Auga limpa e saneamento</b></p>	<p><b>6 AGUA LIMPIA Y SANEAMIENTO</b></p> 	<p><b>15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES</b></p> 	<p><b>13 ACCIÓN POR EL CLIMA</b></p> 
<b>Metas</b>	<p><b>13.3</b> Mellorar a educación, aumentar a concienciación e a capacidade humana e institucional sobre medidas de mitigación, adaptación, redución de impacto e alerta precoz en relación ás alteracións climáticas</p> <p><b>15.1</b> Para 2030, velar pola conservación, o restablecemento e o uso sostible dos ecosistemas terrestres e os ecosistemas interiores de auga doce e os servizos que proporcionan, en particular os bosques, os humidais, as montañas e as zonas áridas, en consonancia coas obrigas contraídas en virtude de acordos internacionais</p> <p><b>6.3</b> De aquí a 2030, mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando o verquido e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo á metade a porcentaxe de augas residuais sen tratar e aumentando considerablemente a reciclaxe e a reutilización sen riscos a nivel mundial</p> <p><b>6.5</b> De aquí a 2030, implementar a xestión integrada dos recursos hídricos a todos os niveis, mesmo mediante a cooperación transfronteiriza, segundo proceda</p> <p><b>6.6</b> De aquí a 2030, protexer e restablecer os ecosistemas relacionados coa auga, incluídos os bosques, as montañas, os humidais, os ríos, os acuíferos e os lagos</p> <p><b>6.b</b> Apoiar e fortalecer a participación das comunidades locais na mellora da xestión da auga e o saneamento</p>			
<b>Denominación</b>	<b>EUROCIDADE POLO CLIMA</b>			
<b>Público-obxectivo</b>	Mozos e mozas da Eurocidade entre os 12 e os 25 anos			
<b>Descrición/ obxectivos do proxecto</b>	<p>Capacitar á mocidade da Eurocidade para o activismo cívico a prol do medioambiente</p> <p>Desenvolver campañas de sensibilización medioambiental entre a poboación</p>			
<b>Accións</b>	<p>Workshops formativos en habilidades de comunicación (uso de redes sociais; comunicación audiovisual;...) e planificación de actividades</p> <p>Campañas de sensibilización entre a terceira idade e a poboación ativa</p> <p>Campañas e actividades de sensibilización escolar</p> <p>Encontros/Debates</p> <p>Acto de intercambio con campañas internacionais en contra do cambio climático (Greenpeace; «Skolstrejk för klimatet» («Greve escolar pelo clima»);...</p>			
<b>Data</b>	Marzo a Novembro de 2023			

[eurocidadecerveiratomiño.eu](http://eurocidadecerveiratomiño.eu)




**Interreg**  
España - Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional  
Fundo Europeu para o Desenvolvemento Regional



**CERVEIRA**  
VILA DAS ARTES

**Tomiño**  
CONCELLO

<b>ODS</b>	<b>3 – Saúde de calidade</b>	<b>3 SAÚDE DE QUALIDADE</b> 
<b>Metas</b>	<p>Até 2030, reducir nun terzo a mortalidade prematura por doenzas non transmisíbeis via prevención e tratamento, e promover a saúde mental e o benestar</p> <p>Reforzar a prevención e o tratamento do abuso de substancias, incluíndo o abuso de drogas e o uso nocivo do alcohol</p>	
<b>Denominación</b>	<b>XOGOS EUROCIDADE CERVEIRA-TOMIÑO 2023</b>	
<b>Público-obxectivo</b>	Mozos e mozas da Eurocidade entre os 12 e os 25 anos	
<b>Descrición/ obxectivos do proxecto</b>	<p>Promover a implicación da mocidade en actividades deportivas e de lecer.</p> <p>Inspirado na idea de Charles de Gaulle, que en 1965 criou a 1ª edición dos Xogos Sen Fronteiras, o grupo implicado na preparación da Axenda para a Mocidade Eurocidade Cerveira-Tomiño 2030, propón a organización da 1ª edición de xogos, a realizar en 2023.</p> <p>O obxectivo é fomentar a amizade, a partilla, a unión e a solidariedade entre os mozos e mozas dos dous concellos, através de actividades baseadas en xogos tradicionais e/ou probas típicas dos xogos sen fronteira UE, adaptadas aos recursos e deportes máis actuais, como o paintball, slide, insuflábeis, etc.</p> <p>A adaptación dos xogos farase coa participación de mozos e mozas, divididos por grupos de traballo.</p>	
<b>Accións</b>	<p>Xogo do Mata, Exemplo: con recurso ao paintball</p> <p>Carreira de sacos</p> <p>Bilha</p> <p>Xogo da Corda</p> <p>Malla</p> <p>Xogo de Cadeiras</p> <p>Xogo da ponte</p> <p>Peddy paper / Orientación</p> <p>Slide, escalada, escorrega com auga, Boia pólo</p> <p>Billarda</p>	
<b>Data</b>	<p>A realizar entre abril e setembro 2023</p> <p>O evento deberá ser desdoblado en 2 días diferentes para permitir xogos nos dous concellos, sen necesidade de obter autorizacións para mobilidade de menores.</p>	



<b>ODS</b>	<b>13 – Acción Climática</b> <b>15- Vida de Ecosistemas Terrestres</b>		
	13.3 Mellorar a educación, aumentar a concienciación e a capacidade humana e institucional sobre medidas de mitigación, adaptación, redución de impacto e alerta precoz en relación ás alteracións climáticas		
<b>Metas</b>	15.8 Até 2030, implementar medidas para evitar a introdución e reducir significativamente o impacto de especies exóticas invasoras nos ecosistemas terrestres e acuáticos, e controlar ou erradicar as especies prioritarias		
<b>Denominación</b>	<b>YOUTH4FUTURE</b>		
<b>Público-obxectivo</b>	Mozos e mozas da Eurocidade entre os 12 e os 25 anos		
<b>Descrición/ obxectivos do proxecto</b>	Desenvolvemento e promoción de accións de intervención pola defensa dos recursos naturais e da biodiversidade.		
<b>Accións</b>	Workshops de reutilización de residuos cotiás		
	Workshops de utilización de recursos naturais locais na produción de produtos (exemplo sabonetes, deterxentes, velas, etc)		
	Accións de reflorestación das ribeiras		
	Programa anual de limpeza das marxes, artellados entre os dous concellos e entre freguesias e parroquias.		
	Accións de capacitación sobre fauna fluvial (aves, mamíferos peixes e anfíbios) e flora autóctona e de ribeira.		
	Intervención artística em colaboración con entidades culturais do territorio		
	Exposición de fotografía/vídeos (aves migratorias; flora)		
	Herbario individual		
<b>Data</b>	Marzo a novembro de 2023		